



## PROCESO DE ADMISIÓN DO ALUMNADO SECUNDARIA E BACHARELATO PARA O CURSO ACADÉMICO 2023/24.

**PRAZO PRESENTACIÓN SOLICITUDES DO 1 Ó 20 DE MARZO.(ambos incluídos)**

<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/>

### NORMATIVA REGULADORA DO PROCEDEMENTO

Decreto 13/2022, do 2 de febreiro (DOG 11/02/2022)

Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o decreto 13/2022 do 3 de febreiro (DOG 8/11/2022).

### DEBE PRESENTALA SOLICITUDE DE ADMISIÓN

O alumnado que desexe cursar no **IES DO CASTRO** a ESO ou o Bacharelato no **2023/2024**.

O alumnado poderá presentar solicitude de admisión, pedindo ata seis (6) centros por orde de preferencia, e alegar os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren. Esta solicitude de admisión dirixirase ao centro solicitado en primeiro lugar.

O alumnado dos centros adscritos de primaria que xa fixo a reserva de praza e o alumnado que xa está a cursar a ESO ou o Bacharelato no noso centro non precisa facer ningún trámite neste procedemento posto que ten garantida a reserva da praza. **Non obstante, Segundo está previsto na normativa vixente, o alumnado que non se matricule no centro nos prazos legais perde o dereito á praza.**

**A existencia dunha solicitude de admisión presentada en prazo sen renunciar expresamente á anterior e, así mesmo, a existencia dunha solicitude de admisión sen ter renunciado á praza reservada a 28 de febreiro (este incluído) poderán ser causa de perda do dereito a participar neste procedemento**

### PRAZO E LUGARES DE PRESENTACIÓN

A solicitude de admisión debe **presentarse preferentemente** de xeito electrónico mediante o formulario normalizado dispoñible na aplicación <https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/> ou a través da sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal/> coa CHAVE 365 ou certificado dixital dende o mércores 1 ata o luns 20 de marzo.

**Pode presentarse en papel** na secretaría **do centro**<sup>1</sup> dende o mércores 1 ata o luns 20 de marzo en horario de **9:00 a 14:00**. O impreso pode recollese gratuitamente na secretaría do centro. Tamén se pode descargar na aplicación <https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/>

---

<sup>1</sup> As solicitudes presentaranse no centro solicitado en primeiro lugar, posto que pódense pedir ata 6 centros por orde de preferencia.



## DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACOMPAÑAR A SOLICITUDE

- Copia do DNI de todos os membros da unidade familiar.
- Copia do libro de familia.
- Certificado de matrícula.
- Volante de empadramento familiar. (con un ano de antigüidade). Se a residencia foi inferior a 1 ano, deberá, achegar ademais escritura de compra, contrato de alugamento ou título que lexitima a ocupación da vivenda.
- Renda: Debe consignarse a cantidade que figura nas casañas 435 (base impositiva xeral) e 460 (base impositiva do aforro) do ano 2021. **De non autorizar a consulta deberá presentar fotocopia desta.**

## DOCUMENTACIÓN OPCIONAL:

- Para valorar puntuación por expediente (1º bacharelato): Certificación académica de 3º ESO.
- Se solicita unha praza NEAE: Documentación xustificativa.
- En caso de separación ou divorcio no que un dos proxenitores/titores teña atribuída a patria potestade: copia da resolución xudicial.
- Para a valoración do criterio de familia monoparental, a persoa interesada terá que presentar a certificación de recoñecemento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou pola autoridade competente doutras administracións públicas.

## IMPORTANTE

**Artigos 7.2 e 7.3 da Orde de 21 de outubro de 2022** “A falta de emenda das deficiencias detectadas na solicitude impedirá participar no procedemento de baremo dos criterios de admisión alegados”. “A falta ou insuficiente acreditación dun criterio impedirá a súa valoración para os efectos de fixar a puntuación determinante da orde de prelación”

## POSTOS ESCOLARES OFERTADOS (VACANTES)

Publicaranse na paxina web do centro o 24 de febreiro.

## ÁREAS DE INFLUENCIA DO IES DO CASTRO

ESO	BACHARELATO CIENCIAS	BACHARELATO HUMANIDADES
Zona Educativa 2	Zona Educativa 8	Zona Educativa 8H



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL  
E UNIVERSIDADES

IES DO CASTRO

Rúa José Gómez Posada-Curros, 1. 36203 VIGO  
Teléfonos: 986492974 / 986423063  
Web: <http://centros.edu.xunta.es/iesdocastro>  
Correo electrónico: [ies.docastro@edu.xunta.gal](mailto:ies.docastro@edu.xunta.gal)



## PUBLICACIÓN DAS LISTAXES DO ALUMNADO ADMITIDO E NON ADMITIDO E PRAZOS DE RECLAMACIÓN

- Publicación das listaxes provisionais: **Antes do 26 de abril.**
- Prazo de reclamación das listaxes provisionais: **Cinco días hábiles desde a súa publicación.**
- Publicación das listaxes definitivas: **Antes do 17 de maio.**

As listaxes provisionais e definitivas do alumnado admitido e non admitido publicaranse exclusivamente no interior do edificio. Tamén se poderán consultar a través da páxina de [admisión de alumnado](#) con Chave 365 ou certificado dixital.

### DATAS DE FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA.

- **Do 23 de Xuño ao 7 de Xullo**

Segundo está previsto na normativa vixente, **o alumnado que non se matricule dentro destes prazos perde o dereito á praza.**

#### Contacto

Teléfono do centro: (9:00-14:00): 986/42-29-74